


eef

escola de
empoderamento
feminista



**I Edición
Abril - Xuño
2018**


Máis información en
www.coruna.gal/igualdade

Escola de empoderamento feminista

Benvida á Escola de Empoderamento Feminista; un programa municipal que nace con vocación de estabilidade e que terá periodicidade semestral. Trátase dun recurso de formación para a cidadanía que busca abrir procesos democráticos alentando a unha maior participación activa das mulleres, a creación de redes, a mellora da incidencia política para a igualdade e a inclusión das diversidades nos diferentes ámbitos da vida municipal.

Esta Escola conta nesta edición cunha programación de diferentes actividades co obxectivo de afondar en aspectos socioeducativos e de sensibilización en torno á igualdade, á diversidade e á perspectiva feminista como eixo de transformación social, tanto dende o nivel individual como o colectivo.





Inscripción

Período de inscrición: Dende as 10.00 h. do día 4 de abril ata ás 21.00 h. do 17 de abril.

O formulario de inscrición estará dispoñible durante ese período na páxina web da Concellaría de Igualdade e Diversidade (www.coruna.es/igualdadediversidade).

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles para cada un dos obradoiros ofertados a adxudicación de prazas realizarase mediante un sorteo. Este terá lugar en acto público, na Concellaría de Igualdade e Diversidade, o día 18 de abril de 2018, ás 10:00 horas, e no mesmo unha funcionaria escollerá ao azar unha letra do total das que compoñen o abecedario. A partir desa letra, e sempre en relación co primeiro apelido da persoa solicitante, e seguindo sempre esta lóxica, asignaranse as prazas por orde sucesivo. As persoas restantes formarán parte dunha lista de agarda que operará en caso de renuncias ou vacantes.

A letra obtida por sorteo, constará nun acta que será publicada na páxina web da Concellaría, e servirá para o todos os cursos desta edición da Escola de Empoderamento Feminista

Obradoiros

AS MULLERES QUE ME CONFORMAN

Da man dunha psicóloga e unha comunicadora audiovisual, traballaremos ao redor da idea das mulleres que admiramos, que nos foron e son referentes, e que nos representan, facendo que sexamos as mulleres que somos.

As participantes escollerán onde por a atención, que desexan comunicar e de que forma, compartindo un produto final no que cada unha amosará a súa voz en forma de peza audiovisual.

A quen vai dirixido?

Mulleres interesadas no desenvolvemento creativo e persoal a través das ferramentas audiovisuais.

Cando?

30 horas en total. Luns, de 10.00 h a 12:30 h.

23 e 30 de abril; 7, 14, 21 e 28 de maio; 4, 11, 18 e 25 de xuño; 2 e 9 de xullo.

Onde?

C. C. San Diego.

NOVAS MASCULINIDADES E PATERNIDADES CORRESPONSABLES

A rixida masculinidade dominante fai que algúns homes expresen os seus medos con violencia. Poñer consciencia nesas tensións axuda a relaxar as loitas internas, o estrés e a agresividade.

Con este obradoiro traballaremos a apertura dos homes cara o bo trato consigo mesmos, como base dende a que impulsar ese trato en positivo co resto, desterrando as violencias machistas.

A quen vai dirixido?

Homes maiores de 16 anos.

Cando?

6 horas en total. Xoves, de 16.30 h a 18.30h.

26 de abril, 3 e 10 de maio.

Onde?

C.C. Mesoiro.

COIDAR COIDÁNDONOS

Nun contexto de feminización dos coidados informais, detectamos que as coidadoras de dependentes son un colectivo moi vulnerable, non só pola carga na súa saúde física e emocional, senón pola súa situación de illamento, con impacto no seu benestar, independencia e seguridade económica.

Neste obradoiro, trataremos de que as participantes recoñezan a importancia de coidar da súa saúde, fomentando o autocoidado.

A quen vai dirixido?

Mulleres a partir de 18 anos.

Cando?

20 horas en total. Mércores, de 10.30 h a 12.30 h.

25 de abril; 2, 9, 16, 23 e 30 de maio; 6, 13, 20 e 27 de xuño.

Onde?

C.C. Labañou.

AUTODEFENSA FEMINISTA

As violencias machistas constrúense na propia estrutura social, condicionando as nosas vidas e o noso benestar, impactando de forma física, emocional, psicolóxica, relacional, social, etc.

Neste obradoiro abordaremos a autodefensa dun xeito integral, traballando a todos os niveis; conectando as violencias vividas a esta estrutura de opresión, dende un traballo consciente e colectivo.

A quen vai dirixido?

Mulleres e mozas a partir dos 16 anos.

Cando?

24 horas en total. Martes, de 17.15 h a 19.15 h.

24 de abril; 4, 8, 15, 22 e 29 de maio; 5, 12, 19 e 26 de xuño; 3, 10 e 17 de xullo.

Onde?

C.C. Cidade Vella.

XÉNERO E DISCAPACIDADE

Neste obradoiro, achegarémonos á dobre discriminación que sofren as mulleres con discapacidade e á problemática específica de violencia da xénero así coma a Normativa Europea sobre Discapacidade.

A quen vai dirixido?

Dirixido a todas os/as profesionais da psicoloxía, traballo social, educación, dereito, saúde, etc., que traballen no ámbito da discapacidade así como calquera outra persoa interesada na temática.

Cando?

20 horas en total. Luns e xoves, de 17.00 h. a 19.30 h.

30 de abril; 3, 7, 10, 14, 21, 24 e 28 de maio.

Onde?

C.C. Mallos.

CABARÉ EMPODERANTE

A base deste xénero escénico é a actitude. Integrar esa actitude no noso día a día aporta grandes doses de seguridade, autoestima e espontaneidade.

Isto nos fai donas de nós mesmas, reforzando así as nosas capacidades tanto no plano individual como colectivo na procura dunha maior autonomía en todas as esferas da vida persoal e social.

A quen vai dirixido?

Mulleres a partir dos 16 anos.

Cando?

20 horas en total. Mércores, de 17.30h. a 19.30h.

25 de abril; 2, 9, 16, 23 e 30 de maio; 6, 13, 20 e 27 de xuño.

Onde?

C.C. Os Rosais.

DIVERSEXUALIDADES

Educación na diversidade afectivo-sexual é xerar os espazos e debates necesarios para que as persoas coñezan o seu contexto e respecten os dereitos de todas e todos a vivir libres as súas identidades e orientacións, sen discriminacións.

Con este obradoiro trataremos de que mozos e mozas tomen consciencia sobre a gran variedade de matices que a sexualidade implica e a ampla gama de sexualidades que existen.

A quen vai dirixido?

Mozas e mozos entre os 16 e os 25 anos.

Cando?

12 horas en total. Xoves, de 17.00 h a 20.00 h.

26 de abril, 3, 10 e 24 de maio.

Onde?

C.C. Monte Alto.

FOTOCREATIVA

En Ffotocreativa intégranse tres elementos básicos: Feminismo, Fotografía e Educación.

Feminismo como proposta de pensamento e acción para a toma de consciencia cara a creación de alternativas persoais e colectivas; fotografía como ferramenta con capacidade de crear novas realidades e visións da historia das mulleres; e educación como un proceso creativo de intercambio de pensamentos, sentimentos e experiencias.

A quen vai dirixido?

Mulleres maiores de 13 anos.

Cando?

15 horas en total. Venres, de 17.30 h a 20.30 h.

27 de abril; 4, 11, 18 e 25 de maio.

Onde?

C.C. Eiris.

EMPODERAMENTO E CRECEMENTO ERÓTICO

Este obradoiro é un espazo seguro, que cun enfoque de xénero e feminista, enriquece o noso autoconecemento e as nosas interaccións persoais, relacionais e sociais.

Aprenderemos a recoñecer as mensaxes que incorporamos nas nosas relacións e como inflúen nos vínculos que construímos, entendendo a resposta sexual humana integral, a nosa anatomía amorosa e erótica, incorporando hábitos saudables.

A quen vai dirixido?

Mulleres a partir dos 30 anos.

Cando?

24 horas en total. Luns, de 17.00 h a 19.00 h.

23 e 30 de abril; 7, 14, 21 e 28 de maio; 4, 11, 18 e 25 de xuño; 2 e 9 de xullo.

Onde?

C.C. Castrillón.

XÉNERO, PODER E FEMINISMO

Este obradoiro é un convite, un espazo para reflexionar e tomar consciencia de como a construción de xénero inflúe no funcionamento dos grupos.

Partiremos da idea do xénero como unha categoría de opresión e, analizando de forma crítica as relacións de poder que establece nos grupos (rangos, roles, toma de decisións, distribución de tarefas, etc.), achegarémonos ao feminismo.

A quen vai dirixido?

Homes e mulleres a partir de 16 anos.


Cando?

12 horas en total.

Venres 4 de maio de 10.00 h a 14.00 h e de 16.30 h. a 20.30 h. Sábado 5 de maio de 10.00 h a 14.00 h.

Onde?

C.C. Monelos.



eef

escola de
empoderamento
feminista

Máis información en
www.coruna.es/igualdadiversidade

 igualdadecoruna

 @igualdadecoruna



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
IGUALDADE E DIVERSIDADE



CORUÑA
PRÓXIMA

a coruña

libre
de violencias machistas